

Con data 12-11-2020 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) a seguinte resolución:

Resolución de concesión de axuda para proxectos de enerxías renovables térmicas, para os anos 2020-2021, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020

Expediente: IN421G-51

Titular: CONCELLO DE REDONDELA

NIF: P3604500C

Tipoloxía do Proxecto: Biomasa

Titulo operación: INSTALACIÓN DE UNA CALDERA DE BIOMASA EN EL CONSERVATORIO DE REDONDELA

Asunto: resolución da axuda.

Data de iniciación: 2 de xullo 2020

Data fin: 15 de xuño de 2021

1. Antecedentes:

A Entidade: CONCELLO DE REDONDELA solicitou axuda económica, ao abeiro da Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para proxectos de enerxías renovables térmicas, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (DOG núm. 129 do 01/07/2020)

A *Comisión de Valoración* regulada no artigo 16 da Resolución citada, formulou unha vez finalizada a fase de instrución das solicitudes e avaliadas estas pola propia comisión de valoración, a proposta para a resolución de concesión de axuda do expediente que figura no encabezado, conforme ao establecido no artigo 16.3 da Resolución citada.

Na tramitación do expediente cumpríronse todas as formalidades e requisitos legais establecidos.

2. Consideracións Legais:

A axuda está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, obxectivo temático 4 (favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores), prioridade de investimento 4.1, obxectivo específico 4.1.2 (Aumento da participación e distribución das enerxías renovables para usos térmicos, en particular a biomasa, biogas e biocombustibles para o transporte en consonancia co Plan de Enerxías Renovables 2011-2020), categoría de intervención 11- Enerxías renovables: biomasa ou 12- Outras enerxías renovables (incluída hidroeléctrica, xeotérmica e marina) e integración de outras enerxías renovables (incluído o almacenamento, a conversión de electricidade en gas e as infraestruturas de hidróxeno renovable) e actuación 4.1.2.1 do documento de CPSO (Fomento das actividades asociadas ó ciclo de aproveitamento da biomasa térmica) estando sometida ao disposto no regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 e



no Regulamento (UE) 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006, así como a normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento .

Estas axudas, coa excepción daquelas en que os beneficiarios sexan administracións públicas locais ou entidades xurídicas sen ánimo de lucro que non poidan emprender actividades económicas que repercutan en terceiros, están suxeitas ás condicións que se establecen no capítulo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea (Regulamento xeral de exención por categorías).

As entidades xurídicas sen ánimo de lucro cando realicen actividades económicas de forma regular estarán suxeitas ás condicións que se establecen no citado capítulo I do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño.

O organismo que selecciona a operación e expide o DECA é o Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

O organismo intermedio baixo cuxa xestión está o beneficiario do proxecto é a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda, que abarca todo o ámbito da Xunta de Galicia e os organismos dependentes.

O organismo en cuxa senda financeira (OSF) está enmarcado o proxecto é a Xunta de Galicia.

O método de estimación dos custos subvencionables é o de custos reais, e terá en conta o que ven establecido nos artigos 6 e 7 das bases reguladoras.

O custe elixible da operación ascende a 53.490,05 € sendo contribución ou axuda pública 42.792,04 €. A financiación da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do Programa Operativo Galicia 2014-2020 Feder nun 80% computándose como cofinanciamento nacional ou investimento privado, o investimento privado elixible dos beneficiarios.

Os datos específicos referidos ao expediente co código de solicitude IN421G-51 son os seguintes:

- Tipoloxía do beneficiario: Administración Local
- Tipoloxía do proxecto: Biomasa
- Orzamento aceptado sen IVE: 44.206,65 €
- Investimento para o calculo da axuda: 53.490,05 €
- % da axuda: 80
- Importe da axuda concedida (FEDER): 42.792,04 €.



Motivos minoración:

O proxecto de aforro e eficiencia enerxética realizarase en REDONDELA , provincia PONTEVEDRA .

3. Condições derivadas do cofinanciamento da axuda con fondos europeos:

O beneficiario da axuda deberá cumprir todas as seguintes condicións:

1. Realizar todas as actividades ás que se comprometeron dentro do desenvolvemento do proxecto e que constan na memoria da solicitude da axuda.
2. Respetar o plan financeiro e o calendario de execución, sen prexuízo das eventuais modificacións que posibilita o artigo 20 das bases reguladoras.
3. Presentar as correspondentes xustificacións da subvención de conformidade co procedemento e nos prazos sinalados nos artigos 24 e 25 das base reguladoras.
4. A concesión desta axuda supón declarar que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións e a súa aceptación a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, de acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Tamén supón a súa aceptación da obriga de aplicar medidas antifraude, eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, e cumprir coa normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións.

A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ó Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, sobre a forma na que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que podan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da UE.



6. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda.
7. Destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención.
8. Someterse a actuacións de control e análise de riscos que podan efectuar a Autoridade de xestión do programa operativo e, no seu caso, os órganos competentes do Organismo Intermedio con axuda de ferramentas informáticas específicas da Unión Europea, en particular, a aplicación informática Arachne.
9. O beneficiario deberá informar sobre o nivel de logro dos indicadores de produtividade e resultado ao mesmo tempo que xustifica os gastos. Estes indicadores son os seguintes:

Os indicadores de produtividade asociados a esta operación son C030 e o C034 e teñen por obxecto a capacidade adicional para producir enerxía renovable e a redución anual estimada de gases efecto invernadoiro sendo as unidades de medida correspondente aos mesmos a potencia en MW e as toneladas equivalentes de CO₂/ano evitadas respectivamente.

Os resultados destes indicadores neste proxecto son:

Potencia instalada: 0,125 MW

Redución anual estimada de gases efecto invernadoiro: 8,410 ton CO₂/ano.

O indicador de resultado asociado a esta operación é o seguinte:

R04x1 Capacidad de produción e distribución de enerxías renovables para usos térmicos

Valor de referencia: 544 Ktep (balance enerxético 2012).

10. Comunicarlle ao Instituto Enerxético de Galicia a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
11. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente da axuda, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores e as verificacións previstas no artigo 125 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Consello. A tal fin, deberá dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da



realización e abono dos gastos e inversións subvencionables, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control, durante, ao menos, un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos da operación nos casos de operacións cun gasto subvencionable inferior a 1.000.000 €. O Inega informará da data a partir da cal se efectuará o cómputo.

No caso das operacións non recollidas no paragrafo primeiro, todos os documentos xustificativos estarán dispoñibles durante un prazo de dous anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída.

12. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e no resto dos casos previstos na Lei 9/2007.

A detección de irregularidade pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude da devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes intereses de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda FEDER da operación.

13. Os beneficiarios das axudas deberán introducir os datos e os documentos dos que sexan responsables, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos de acordo coas especificacións determinadas na convocatoria de axudas, en cumprimento do artigo 122, apartado 3, paragrafo primeiro, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o artigo 10.1 do Regulamento 1011/2014, do 22 de setembro de 2014.

O beneficiario deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, deberá recoñecer o apoio do Inega, da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional do Inega e da Xunta de Galicia e mostrando:

- a) O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.
- b) Referencia ao Fondo que da apoio ao proxecto.

2. Durante a realización do proxecto e mentres dure o compromiso de mantemento dos investimentos ou postos de traballo subvencionados:

- a) Breve descrición no seu sitio de Internet, no caso de que dispoña dun, do proxecto, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro do Inega, da Xunta de Galicia e da Unión.



b) Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira do Inega da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

3. O cartel ou a placa indicarán o nome e o obxectivo principal da operación. Prepararanse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión de conformidade co artigo 115, punto 4 do Regulamento 1303/2013.

Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo, de acordo co establecido no artigo 4 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014:

1. O emblema da Unión deberá figurar en cor nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.
2. O emblema será sempre claramente visible e ocupará un lugar destacado. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento empregados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao Fondo.
3. Cando o emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo correspondente se presenten nun sitio web serán visibles ao chegar ao dito sitio web, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
4. O nome “Unión Europea” sempre aparecerá sen abreviar. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibre, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. Non se empregará a cursiva, o subliñado nin outros efectos. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de xeito que non interfira. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
5. Se se exhiben outros logotipos ademais do emblema da Unión, este terá como mínimo o mesmo tamaño, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.

Características técnicas das placas fixas e dos carteis publicitarios temporais, de acordo co establecido no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014:

1. O nome do proxecto, o principal obxectivo desta e o emblema da Unión, xunto cunha referencia á Unión e a referencia ao Fondo deben figurar no cartel temporal ao que se refire o anexo XII, sección 2.2, punto 4, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e ocupar polo menos o 25% do cartel.
2. O nome do proxecto e o principal obxectivo da actividade apoiada por aquel, e o emblema da Unión, xunto cunha referencia á Unión e a referencia ao Fondo que deben figurar na placa ou cartel permanentes a que se refire o punto 5 da sección 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 ocupará polo menos o 25% da dita placa ou cartel.

Utilización do logotipo da Unión Europea

O único logotipo válido é o formado polo emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea situada debaixo do mesmo.





UNIÓN EUROPEA

Se ben, en toda comunicación relativa a fondos europeos deberase incorporar ademais unha referencia ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. Adicionalmente, empregarase o lema “Unha maneira de facer Europa”.

3. Condições de execución do proxecto:

DATA INICIO PROXECTO	DATA LÍMITE DE EXECUCIÓN	PRAZO DE XUSTIFICACIÓN	CONSECUENCIAS DA NON PRESENTACIÓN EN PRAZO
30 de xullo de 2020	15 de xuño de 2021	Ata o 15 de xuño de 2021	Perderase o dereito ao cobro da axuda

Os prazos de execución e xustificación do proxecto réxense polo disposto no artigo 24 das bases reguladoras da axuda.

4. Condições para o aboamento da subvención

Unha vez xustificada a inversión, a través da aplicación informática establecida na páxina web do inega (www.inega.gal) ou da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), mediante a presentación da documentación indicada no artigo 26 das Bases reguladoras e a través dos medios establecidos no artigo 25.1 das Bases reguladoras.

5. Recursos:

Contra esta resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o presidente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere pertinente ao seu dereito.



6. Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
Instituto Enerxético de Galicia	Ángel Bernardo Tahoces	Santiago de Compostela	23 de novembro de 2020

Anexo de documentación xustificativa:

A efectos informativos, indícaselle que para o aboamento da subvención deberá presentar a seguinte documentación, a través dos medios establecidos no artigo 25.1 das Bases reguladoras.

Para xustificar correctamente o expediente hai que achegar COPIAS DIXITALIZADAS da documentación prevista no artigo 26 das bases reguladoras:

- Sempre que o custe elixible da actuación que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario superior a 40.000 € (en concepto de execución de obra) ou de 15.000 € (cando se subministran bens ou se prestan servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica) o beneficiario deberá solicitar e achegar ó Inega, como mínimo, o contido de tres ofertas de diferentes provedores.
- Facturas desagregadas por conceptos ou unidades de obra emitidas dentro da data límite de xustificación do proxecto, non admitíndose supostos de autofacturación.
- Xustificantes bancarios dos pagamentos das facturas emitidos igualmente dentro da data límite de xustificación do proxecto.
- No caso de Administración Local certificado expedido pola secretaria ou persoa responsable do control de legalidade da entidade en que se acredite que se respectaron os procedementos de contratación pública e se faga referencia á aprobación polo órgano competente da conta de xustificativa da subvención
- Os concellos, para as obras públicas que promovan, deberán achegar o acordo municipal de aprobación do proxecto.
- Fotografías dos principais equipamentos instalados.
- Xustificación de ter dado cumprimento ás obrigas establecidas no artigo 22.8 en materia de información e comunicación, sobre o apoio procedente dos fondos FEDER, recollidas no anexo XII apartado 2 do



Regulamento (CE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal).

- Certificado asinado polo técnico instalador, no que se indique a data de finalización da instalación que se subvenciona.
- Certificado de dirección de obra asinado polo técnico naqueles proxectos de xeración térmica con potencia superior a 70 kW.
- Xustificante da solicitude de inscrición da instalación no rexistro da consellería competente en materia de industria, daquelas instalacións que requiran a súa inscrición. O beneficiario deberá achegar o xustificante de solicitude de inscrición da instalación nese rexistro. Nese xustificante deberán figurar as características técnicas e o correspondente código de acceso ao referido rexistro, para ter a posibilidade de verificación no caso de que fose necesario.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao Inega para que solicite de oficio os certificados de que esta o día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, deberá achegar estas certificación.

O que se notifica en cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela,
A xefa da Unidade Xuridico-Administrativa
Zoila Fernández Maceiras

